| *g<br>*i<br>*l<br>*m  | * B8.1. Estrutura económica e financeira da empresa. Equilibrio patrimonial.<br><br>* B8.2. Planificación financeira da empresa. Novas formas de financiamento.                  | B8.1. Determinar o investimento necesario e as necesidades financeiras para a empresa, identificando as alternativas de financiamento posibles. | FAXB8.1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente.<br><br>FAXB8.1.2. Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa<br><br>FAXB8.1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa.  | *CSIEE<br>*CAA<br>*CMCCT<br><br>*CMCCT<br>*CD<br><br>*CSIEE                |                 |       |       |                            | Elabora un plan de investimentos<br>Plan de empresa   |                            |    |    | x  |    | 5%            |                    |     |    |     | x   |    |    |    |  |  |
|   |  |   |   |  |                 |       |       |                            | Distingue as distintas fontes de financiamento e as máis adecuadas<br>Plan de empresa   |                            |    |    | x  | x  | 15%           | x                  | x   |    |     | x   | x  |    |    |  |  |
|   |  |   |   |  |                 |       |       |                            | Determina as necesidades de financiamento<br>Plan de empresa  | x                          |    |    | x  |    | 5%            |                    |     |    |     |     |    |    |    |  |  |
| *a<br>*g<br>*h  | B8.3. Métodos de selección e valoración de investimentos.<br><br>B8.4. Análise da viabilidade da empresa<br><br>B8.5. Solvencia e liquidez na empresa. Previsións de tesouraría. | B8.2. Avaliar a viabilidade da empresa, de acordo con diferentes tipos de análise.  | FAXB8.2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental.<br><br>FAXB8.2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha.<br><br>FAXB8.2.3. Elabora estados de previsión de tesouraría e explica alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría.   | *CSIEE<br>*CSC<br>*CCL<br><br>*CSIEE<br>*CMCCT<br>*CD<br><br>*CMCCT<br>*CD |                 |       |       | X                          | Determina e explica a viabilidade da empresa<br>Plan de empresa   |                            |    |    | x  | x  | 5%            |                    |     |    |     | x   | x  |    |    |  |  |
|   |  |   |   |  |                 |       |       |                            | Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha<br>Plan de empresa                | x                          |    |    |    |    | 10%           | x                  | x   |    |     |     | x  |    |    |  |  |
|   |  |   |   |  |                 |       |       |                            | Elabora estados de previsión de tesouraría<br>Plan de empresa   |                            |    |    | x  |    | 10%           |                    |     |    |     |     | x  | x  |    |  |  |
| *a<br>*b<br>*g<br>*h<br>*i<br>*l<br>*m<br>*p                        | B8.6. Custo e selección de fontes financeiras. Axudas á creación de empresas en Galicia.<br>B8.7. Morosidade empresarial.  | B8.3. Analizar e verificar o acceso ás fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.   | FAXB8.3.1. Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións<br><br>FAXB8.3.2. Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.<br>FAXB8.3.3. Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual<br><br>FAXB8.3.4. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos. |  |                 |       |       |                            | Determina as fontes de financiamento e o seu custo e subvencións<br>Busca en internet de subvencións a empresas                             |                            | x  |    | x  | x  | 20%           |                    |     |    |     |     |    |    |    |  |  |
|   |  |   |   |  |                 |       |       |                            | Distingue as funcións dos intermediarios financeiros<br>Buscar en internet os diferentes produtos que ofrecen os intermediarios financeiros |                            |    |    | x  | x  | 10%           |                    | x   | x  |     | x   |    |    |    |  |  |
|   |  |   |   |  |                 |       |       |                            | Valora a importancia de cumprir pagos e prazos<br>Lectura dunha nova sobre morosidade e debate  | x                          |    |    |    |    | 20%           | x                  | x   |    |     |     |    | x  | x  |  |  |

## UNIDADE DIDÁCTICA 9. PRESENTACIÓN DO PLAN DE EMPRESA

| Obxectivos  | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de avaliación   | Competencias clave              | Temporalización |       |       | Grao mínimo de consecución   | Actividades                   | Instrumentos de avaliación |    |    |    |    | Cualificación | Temas transversais |     |    |     |     |    |    |    |  |   |  |
|---|--|--|--|---------------------------------|-----------------|-------|-------|--|-------------------------------|----------------------------|----|----|----|----|---------------|--------------------|-----|----|-----|-----|----|----|----|--|---|--|
|   |  |  |  |                                 | 1ª AV           | 2ª AV | 3ª AV |  |                               | OB                         | PE | PO | RU | CC |               | CL                 | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV | EV |  |   |  |
| <b>Bloque 3: Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa</b> |  |  |  |                                 |                 |       |       |  |                               |                            |    |    |    |    |               |                    |     |    |     |     |    |    |    |  |   |  |
| *b<br>*e<br>*g<br>*i<br>*l<br>*m  | * B9.1. Plan de negocio. Técnicas de presentación e edición do plan de negocio | *B9.1. Expor e comunicar publicamente o proxecto de empresa.                                     | * FAX B 9 . 1 . 1 . Utiliz a h a b i l i d a d e s comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa. | *CSC<br>*CMCCT<br>*CD<br>*CSIEE |                 |       |       | Emprega habilidades comunicativas na súa exposición do proxecto    | Presentación oral do proxecto | x                          |    |    |    |    | 50%           | x                  | x   |    | x   | x   |    |    |    |  | x |  |
| *b<br>*d<br>*e  | *Ferramentas audiovisuais para a presentación de proxectos.                    | *B9.2. Utilizar ferramentas informáticas que apoian a comunicación e a presentación do proxecto. | *.FAXB9.2.1. Manexa fer r amentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto.                        | *CAA<br>*CMCCT<br>*CD           |                 |       | X     | Realiza unha presentación do proxecto con ferramentas informáticas | Presentación oral do proxecto |                            |    |    | x  |    | 50%           | x                  | x   | x  | x   | x   |    |    |    |  | x |  |

### LEENDA COMPETENCIAS

|       |  |
|-------|--|
| CCL   | Comunicación lingüística.  |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. |
| CD    | Competencia dixital.   |
| CAA   | Competencia aprender a aprender.                                       |
| CSC   | Competencias sociais e cívicas.  |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.                          |
| CCEC  | Conciencia e expresións culturais.                                     |
| EV    | Educación e seguridade viaria.   |

### LEENDA TRANSVERSAIS

|     |   |
|-----|---|
| CL  | Comprensión lectora.                          |
| EOE | Expresión oral e escrita.                     |
| CA  | Comunicación audiovisual.                     |
| TIC | Tecnoloxías da información e da comunicación. |
| EMP | Emprendemento.                                |
| EC  | Educación cívica.                             |
| PV  | Prevención da violencia.                      |

\*As actividades son exemplificativas, poderán realizarse máis actividades para cada un dos estándares





## 5 METODOLOXÍA

### 5.1 Aspectos Xerais

Elabórese a programación tendo en conta os seguintes aspectos:

- Elección de diferentes metodoloxías en cada unha das sesións e diferentes recursos didácticos para as mesmas. Recorreremos a prensa económica, internet...
- Selección de casos prácticos que sexan de interese do alumnado e actuais.
- Deseño das clases combinando as diferentes estratexias metodolóxicas, para evitar monólogos continuos do profesor.
- Procura dunha boa comunicación alumno-profesor co fin de que o alumno participe no proceso ensinanza-aprendizaxe.
- Aplicabilidade de todos os novos coñecementos adquiridos no día a día. Un dos obxectivos primordiais será que o alumno gañe interese polo entorno económico que o rodea.
- Coidado dos diferentes elementos que se utilicen na aula e da realización das diferentes actividades con respecto polo compañeiro.
- Variedade de recursos, materiais, actividades, exercicios, equipos ou estratexias.

### 5.2 Estratexias Metodolóxicas

A información proporcionada que nos proporciona a avaliación inicial servirá como punto de partida para o desenvolvemento das clases. Debido as características particulares da materia de economía no cal cada un dos contidos dos bloques establecidos no currículo teñen certa independencia, farase unha avaliación inicial en cada unha das unidades a traballar de forma oral.

Teremos en conta a diversidade que presenta o alumnado

1. Porque non todos os alumnos mostran a mesma predisposición cas tecnoloxías.
2. Porque o alumnado do IES Chan do Monte accede en moitas ocasións de outros centros polo que o grado de consecución de competencias e moi variado.
3. Porque polas características da materia cada alumno mostrará máis interese por algúns contidos que por outros.
4. Porque é importante non so valorar o nivel do alumno, tamén a evolución dende o punto de partida.

Dado o carácter social da Economía, traballaremos para que o alumno comprenda as consecuencias das súas accións no seu entorno, as posibilidades que a Economía lle ofrece e como tomar decisións a partir da información que se posúe.

## 6 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Non se empregarán libros de texto, o alumnado disporá de apuntamentos na aula virtual
- Pizarra, proxector e pizarra dixital
- Aula Virtual do centro, na que estarán os apuntamentos e actividades
- Prensa escrita. Polo carácter cambiante da Economía utilizarase constantemente recursos da rede, prensa escrita e manuais variados que se lle facilitará ao alumando
- Na medida do posible nas sesións de recuperación/ampliación utilizaremos recursos da rede como o Kahoot.
- Como parte dos elementos transversais fomentarse a lectura entre o alumnado. As recomendacións dos libros dependerá do curso. Entre as opcións que se teríamos: “Introducción a la macroeconomía en Viñetas” e “Introducción a la microeconomía en viñetas” para primeiro de Bacharelato

## 7 CRITERIOS SOBRA A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 7.1 Avaliación Continua

#### MATERIAS ECONOMÍA, IAEE E ECONOMÍA DA EMPRESA

##### **Periodicidade das probas**

Realizaranse dúas probas por avaliación en cada un dos cursos

##### **Cualificación das probas**

Deberá obterse a metade da cualificación posible da proba para alcanzar a cualificación positiva, sexa oral ou escrita. En xeral, cualificaranse sobre 10, sendo un 5 ou superior a nota considerada como avaliación positiva

En caso de que un alumno/a copie durante a realización dunha proba escrita, o exame seralle retirada a proba e calificado cun 0. Na maior brevedade posible faráselle outra proba oral sobre os contidos desa proba.

Se o/a alumno/a non asiste á realización dunha proba só poderá realizala noutro momento se a falta é xustificada con documento oficial

##### **Cualificación das tarefas presentadas**

Dada a importancia nestes niveis educativos de aprender a cumprir prazos e asumir responsabilidades non



se admitirán tarefas entregadas fóra do prazo de entrega.

En caso de que o alumno/a presente unha tarefa copiada (xa sexa dun compañeiro ou doutras fontes) será cualificada a actividade cun 0.

Se o/a alumno/a non asiste á realización dunha actividade puntuable na aula só poderá entregala noutro momento se a falta é xustificada con documento oficial

### **Cualificación de cada unha das avaliacións**

#### **4º ESO IAEE**

50% proba escrita

40% actividades feitas na clase e na casa (avaliados con rúbricas e listas de control)

10% observación, preguntas orais e caderno

A nota media da avaliación só se redondeará á alza si a parte decimal supera as 0,75 décimas

A media na convocatoria ordinaria será a *media aritmética das tres avaliacións*

#### **1º Bacharelato Economía**

- 70% proba obxectiva.

- 20% actividades feitas na clase e na casa (avaliadas con rúbricas e listaxes de control)

- 10% observación, preguntas orais e caderno

A nota media da avaliación só se redondeará á alza si a parte decimal supera as 0,75 décimas

A media na convocatoria ordinaria será a *media aritmética das tres avaliacións*

#### **2º Bacharelato Economía da Empresa**

- 80% proba obxectiva

- 10% actividades feitas na clase e na casa (avaliadas con rúbricas e listaxes de control)

- 10% observación, preguntas orais e caderno

A nota media da avaliación só se redondeará á alza si a parte decimal supera as 0,75 décimas

A media na convocatoria ordinaria será a *media aritmética das tres avaliacións*

#### **2º Bacharelato Fundamentos de Administración e Xestión**

90% actividades (estás actividades poden ser probas tipo test ou actividades que se avaliarán con rúbricas ou listaxes de control).

10% observación, preguntas orais e caderno



Cada actividade que realice o alumno/a terá unha puntuación determinada. O total de actividades por trimestre sumará 9 puntos. Estas actividades poden ser probas tipos test, preguntas breves, comentarios de texto, exposicións orais e escritas, tarefas de investigación... así como a redacción dun plan de empresa

En caso de non realizar as actividades puntuables por non asistir a clase sen causa debidamente xustificada (como se recolle nas NOFC) o alumnado só poderá recuperalos no momento da recuperación se non supera a materia

A nota da avaliación será a suma da notas das actividades máis a parte correspondente á observación

A nota final ordinaria será a media das tres avaliacións

En caso de non obter un 5 de media, antes da avaliación final de xuño poderá entregar as actividades necesarias que lle indique a profesora para acadar os estándares non superados.

#### **Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada**

##### **4ºESO. IAEE**

O alumnado que non acade un 5 á hora de facer a media das tres avaliacións poderá recuperar avaliacións non superadas.

Despois da terceira avaliación haberá un período para realizar actividades de reforzo e recuperación. A recuperación consistirá nunha proba escrita que versará sobre os contidos da avaliación/s non superada/s ou ben na entrega de diferentes tarefas non superadas. Estas actividades de recuperación realizaranse antes da data da avaliación ordinaria en xuño.

En caso de estar algunha avaliación suspensa, si a media aritmética das tres avaliacións é de 5 ou superior non será necesario realizar recuperación. Só procederá a realizarse recuperacións se a media das tres avaliacións é inferior a 5.

A recuperación de cada avaliación será unha proba de contidos mínimos polo que unha avaliación recuperada fará media coas outras avaliacións cunha nota de 5.

##### **ECONOMÍA (1º Bach), ECONOMÍA DA EMPRESA (2º Bach)**

Ao final do curso realizarase unha proba de recuperación na que cada alumno/a poderá recuperar as avaliacións nas que non obtivese unha cualificación positiva e que lle impidan superar o curso. A recuperación consistirá nunha proba escrita que versará sobre os contidos da avaliación/s non superada/s. Esta recuperación realizarase antes da data da avaliación ordinaria en xuño.

En caso de estar algunha avaliación suspensa, si a media aritmética das tres avaliacións é de 5 ou superior non será necesario realizar recuperación. Só procederá a realizarse recuperacións se a media das tres avaliacións é inferior a 5.

A recuperación de cada avaliación será unha proba de contidos mínimos polo que unha avaliación recuperada fará media coas outras avaliacións cunha nota de 5.



### FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN (2º BACH)

O alumado cunha media inferior a un 5 poderá, antes da avaliación final, entregar tarefas non entregadas ou suspensas, ou realizar unha proba escrita ou actividades de recuperación segundo corresponda para conseguir a avaliación positiva en xuño

### CONSIDERACIÓN DE ABANDONO DA MATERIA POR PARTE DO ALUMNADO

Considerarase que o alumno/a abandona a materia se:

- non realiza a maior parte das actividades que deben realizar
- non ten unha actitude positiva na clase, de traballo e esforzo
- non realiza as probas escritas

Isto implicará a posibilidade de non titulación como recolle a lexislación vixente

## 7.2 Avaliación Final

Para superación da materia será necesario obter polo menos un 5 na nota final

No caso da ESO existe un **período entre o remate da 3ª avaliación e a avaliación final/ordinaria**. Nese período:

- o alumnado con media das tres avaliacións inferior a 5 realizará tarefas de reforzo e recuperación, como se indicou no apartado anterior, para poder superar a materia e acadar a media de 5
- o alumnado con media das tres avaliacións superior a 5 realizará tarefas de ampliación co fin de afondar en temas que sexan do seu interese

No caso de Bacharelato **entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria**:

- o alumnado coa materia suspensa realizará tarefas de repaso e reforzo dos distintos contidos da materia para poder acadar o 5 na proba extraordinaria
- o alumnado coa materia aprobada na ordinaria realizará tarefas de ampliación co fin de afondar en temas que sexan do seu interese



### Avaliación Extraordinaria (Bacharelato)

Aqueles alumnos/as que pola súa evolución ao longo do curso non acaden unha cualificación final de 5 ou superior en xuño, deberán realizar unha proba de recuperación extraordinaria de toda a materia a finais de xuño, na convocatoria extraordinaria a fin de acreditar ter alcanzado os obxectivos xerais do curso, na que deberán obter un 5 para superar a materia.

Dita proba será de todos os contidos do curso e nas datas fixadas polo centro para a realización das avaliacións extraordinarias.

## 8 INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Desenvolverase a avaliación do ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora de calidade do ensino.

Para obter información do proceso de ensino empregaranse algunhas das seguintes técnicas:

- **Observación:** directa (proceso de aprendizaxe do alumnado) e indirecta (análise de contido da programación didáctica).
- **Entrevista:** permitíranos obter información sobre a opinión, actitudes, problemas, motivacións etc. do alumnado e das súas familias. O seu emprego adecuado esixe sistematización: definición dos seus obxectivos, a delimitación da información que se pensa obter e o rexistro dos datos esenciais que se obtiveron.
- **Cuestionarios:** complementan a información obtida a través da observación sistemática e entrevistas periódicas. Resulta de utilidade a avaliación que realiza o alumnado sobre algún elemento da programación: que iniciativas metodolóxicas foron máis da súa agrado, con que fórmula de avaliación se senten máis cómodos, etc.

Levarase a cabo o seguimento e valoración do traballo do profesor apoiándose nos seguintes **indicadores de logro**:

- 1 = Escaso/non logrado.
- 2 = Básico.
- 3 = Satisfactorio.
- 4 = Excelente.



|   | INDICADORES DE LOGRO DE PROCESO DE ENSINO   | VALORACIÓN<br>(De 1 a 4) | PROPOSTAS DE<br>MELLORA |
|---|---|--------------------------|-------------------------|
| <b>Motivación inicial do alumnado</b>                                   |   |                          |                         |
| 1   | Os contidos na clase son de interese do alumno/a  |                          |                         |
| 2   | Relaciónanse os contidos con temas actuais.   |                          |                         |
| <b>Motivación ao longo de todo o proceso</b>                            |   |                          |                         |
| 3   | Prémianse as boas prácticas do alumno/a na clase  |                          |                         |
| 4   | Axúdase o alumno/a cando non alcance un obxectivo   |                          |                         |
| <b>Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)</b> |   |                          |                         |
| 5   | O nivel de dificultade foi adecuado as características do alumno/a  |                          |                         |
| 6   | Conséguese crear un conflito cognitivo que favoreza o aprendizaxe   |                          |                         |
| <b>Actividades na aula</b>  |   |                          |                         |
| 7   | Hai espazo suficiente para a evolución das actividades  |                          |                         |
| 8   | Foméntase o uso das TIC para resolver diferentes problemas  |                          |                         |
| <b>Recursos e organización da aula</b>                                  |   |                          |                         |
| 9   | O recursos para o desenrolo das clases son suficientes  |                          |                         |
| 10  | O alumnado está colocado de forma que ningún alumno/a non escoite ou vexa correctamente as presentacións  |                          |                         |
| <b>Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado</b>   |   |                          |                         |
| 11  | Compróbase a correcta comprensión das tarefas por parte de todo o alumnado.                               |                          |                         |
| 12  | Foméntase a resolución de dúbidas, que o alumno/a non teña reparos a preguntar todo aquilo que non saiba. |                          |                         |
| <b>Clima da aula</b>  |   |                          |                         |
| 13  | O ambiente na aula e de cordialidade e civismo  |                          |                         |
| 14  | Promóvese o respecto polo compañeiro/a  |                          |                         |
| <b>Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe</b>             |   |                          |                         |
| 15  | Os instrumentos de control son variados   |                          |                         |



|                    |  |  |  |
|--------------------|--|--|--|
| <b>16</b>          | Realízanse controis de forma habitual  |  |  |
| <b>Diversidade</b> |  |  |  |
| <b>17</b>          | Realízanse actividades diferentes atendendo a diversidade que presenta o alumnado. |  |  |



|    | INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE  | VALORACIÓN<br>(De 1 a 4) | PROPOSTAS DE<br>MELLORA |
|----|---|--------------------------|-------------------------|
| 1  | Axustouse a práctica docente dunha forma razoable á programación  |                          |                         |
| 2  | O nivel de dificultade é adecuado á realidade do alumnado   |                          |                         |
| 3  | Deu tempo suficiente para realizar a tarefa ou facelo control cando sexa o caso   |                          |                         |
| 4  | Os resultados obtidos son en xeral satisfactorios   |                          |                         |
| 5  | Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.  |                          |                         |
| 6  | Combínase o traballo individual e en equipo.  |                          |                         |
| 7  | Foméntase a lectura.  |                          |                         |
| 8  | Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.   |                          |                         |
| 9  | Responden os traballos ás inquiredanzas do alumnado na medida do razoable.  |                          |                         |
| 10 | Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas.   |                          |                         |
| 11 | Empregouse de forma correcta o material dispoñible.   |                          |                         |
| 12 | Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. |                          |                         |
| 13 | Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.                                    |                          |                         |
| 14 | As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.  |                          |                         |
| 15 | Compróbase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...                                      |                          |                         |
| 16 | Estimúlase a aportación do alumnado   |                          |                         |
| 17 | Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.  |                          |                         |
| 18 | Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.   |                          |                         |

A avaliación do proceso de ensino terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a mellora do proceso de maneira continua. Con iso pretendemos unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán recollidos nas Propostas de Mellora da Programación de xeito que cada curso escolar, a práctica docente aumente o seu nivel de calidade.

## 9 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES (ESTE CURSO NON HAI ALUMNOS CON MATERIA PENDIENTE DE ECONOMÍA)

### ➤ SEGUIMENTO

Tarefas .....

### ➤ RECUPERACIÓN

Antes de cada avaliación ....

O calendario será exposto no calendario da Aula Virtual.

### ➤ AVALIACIÓN:

- ✓ Superadas as unidades didácticas ...
- ✓ Se non supera algunha unidade didáctica....
- ✓ Se tivera algunha unidade superada....
- ✓ Se non tivera ningunha unidade superada...

## 10 ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO

Non procede en Economía. O alumno pode matricularse en 2º de Bacharelato sen cursar antes ningún curso de Economía antes. Axudarase na medida estos/as alumnas/os no proceso de adaptación a materia. En cada unha das unidades faremos unha pequena introdución para facilitala comprensión.

## 11 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nos primeiros días do curso farase unha proba inicial para todos os alumnos a fin de avaliar o seu nivel.

Esta proba consistirá nunha serie de cuestións escritas que versarán sobre os contidos a tratar na materia, relacionados cos de cursos anteriores. O resultado da proba non quedará reflexada na avaliación final do alumno. Os resultados da proba complementaranse cos recollidos nas primeiras semanas do curso. Terase en conta que gran parte do alumnado non cursou Economía en cursos anteriores no deseño da mesma. Debido a particularidade da materia de economía, onde cada unha das unidades didácticas pertence a campos relacionados pero con contidos ben diferenciados, realizaremos unha avaliación oral ao inicio de cada unha das unidades didácticas para saber o punto de partida de cada un.

## 12 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En colaboración co departamento de Orientación, o profesorado poderá tomar diversas medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade, como as seguintes:

1. Graduar as actividades e as probas en diferentes niveis de dificultade atendendo a diversidade do alumnado
2. Adaptar os contidos ás características e capacidades do alumnado, e, en caso de precisalo, sería demandado o apoio do departamento de orientación do centro
3. Utilizar diferentes estratexias metodolóxicas máis adecuadas atendendo a diversidade do alumnado e os medios que consideremos máis adecuados e explicativos atendendo ás características do alumno/a
4. Partir de actividades máis sinxelas para ir aumentando a dificultade a medida que avancen as clases. Relacionar os contidos da materia con casos prácticos que chamen a atención do alumno e poidan seguir a evolución das clases e que permitan acadar os estándares de aprendizaxe.
5. Integrar os diferentes puntos de partidas do alumnado. Realizar diferentes actividades de reforzo/ampliación. Combinar actividades individuais coas colectivas.

A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais do alumnado. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

### Atención ao alumnado repetidor de 4ºESO e 1ºBach

- En 4º ESO modifícanse moitas das actividades que vanse a realizar para que este alumno non realice as mesmas actividades que o curso anterior
- En 1º Bacharelato, debido ao cambio de lei modifícanse algúns contidos e actividades, neste caso o alumno non superara a materia nin realizara actividades o curso anterior polo que poderá realizalas este curso por primeira vez (estas consideracións recóllense na programación correspondente de 1º Bacharelato PROENS)

## 13 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a educación cívica, a prevención da violencia, o uso das TIC, a comunicación audiovisual así como unha actitude emprendedora serán elementos transversais a traballar durante o curso.

- Comprensión lectora: se realizarán lecturas sobre os contidos a tratar. O alumno deberá demostrar que comprende as mesmas a través tanto de comentarios e preguntas escritas como de forma oral.
- Expresión oral e escrita: o alumnado utilizará correctamente a lingua galega ou castelán nos diferentes debates ou comentarios, empregando ademais os diferentes conceptos sobre economía que se van adquirindo nas clases.
- Educación cívica: promoverase un correcto comportamento do alumnado cos compañeiros, así como as consecuencias dos nosos actos na vida de outras persoas de diferentes localidades e países.
- Prevención da violencia: nas diferentes casos prácticos presentados reflexionaremos sobre as consecuencias da violencia presente en situacións económicas actuais, así como fomentar que os problemas acaecidos na propia clase se resolvan de forma pacífica.

- TIC: na medida do posible realizaranse actividades na aula TIC onde o alumno aprenderá a usar diferentes aplicacións informáticas dispoñibles e a buscar a información na rede necesaria para responder ós diferentes casos que se lle presenten.
- Comunicación audiovisual: o alumnado realizará determinados presentacións utilizando os recursos materiais presentes na aula como o ordenador e as pantallas táctiles.
- Emprendemento: Fomentarase unha actitude positiva ante as novas formas de resolver os problemas e que o alumnado utilice os coñecementos previos para sacar novas conclusións.

## 14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Este curso plantéxanse as seguintes actividades complementarias

| Actividade                                       | Curso  | Mes      | Xustificación  |
|--|--|----------|--|
| Visita á fábrica de Ence                         | 4º ESO (IAEE)<br>2º BACH (Economía da empresa) | Decembro | Coñecer unha empresa importante do seu contorno e analizar os distintos contidos estudados en clase como o proceso produtivo, as áreas da empresa, a prevención de riscos... |
| Visita ao Porto de Marín e ao Mercado de Abastos | 1º Bacharelato                                 | Novembro | Coñecer o funcionamento do Porto de Marín e no Mercado analizar os distintos prezos dos produtos.  |

## 15 MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación terá un seguimento permanente por parte dos membros do departamento no relativo ao grao de cumprimento, proceso de ensinanza e aprendizaxe e desviación entre resultados obtidos e esperados.

Tamén se irá tomando nota de todas as suxestións que vaian xurdindo co obxectivo de velar polo axuste e calidade da nosa programación a través do seguimento dos seguintes **indicadores**:



|    | INDICADORES DE LOGRO DE SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN   | VALORACIÓN<br>(De 1 a 4) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|----|---|--------------------------|----------------------|
| 1  | Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |                          |                      |
| 2  | Adecuación da secuenciación e da temporalización das Unidades didácticas / temas / proxectos.         |                          |                      |
| 3  | O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.            |                          |                      |
| 4  | Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.           |                          |                      |
| 5  | Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.                                   |                          |                      |
| 6  | Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.                                   |                          |                      |
| 7  | Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.                       |                          |                      |
| 8  | Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.                                 |                          |                      |
| 9  | Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.                                |                          |                      |
| 10 | Adecuación da secuencia de traballo na aula.  |                          |                      |
| 11 | Adecuación dos materiais didácticos utilizados.   |                          |                      |
| 12 | Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).   |                          |                      |
| 13 | Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.               |                          |                      |
| 14 | Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.                         |                          |                      |
| 16 | Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.         |                          |                      |
| 17 | Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.               |                          |                      |
| 18 | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.  |                          |                      |
| 19 | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.                               |                          |                      |
| 20 | Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.                        |                          |                      |
| 21 | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.                     |                          |                      |
| 22 | Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.                                       |                          |                      |
| 23 | Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.                      |                          |                      |



|    |   |  |  |
|----|---|--|--|
| 24 | Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.  |  |  |
| 25 | Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.                           |  |  |
| 26 | Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. |  |  |
| 27 | Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.                          |  |  |
| 28 | Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.                                     |  |  |
| 29 | Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.  |  |  |
| 30 | Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.  |  |  |

## 16 PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

A programación didáctica encóntrase a libre disposición de quen queira consultala en Xefatura de Estudos en formato electrónico así como na web do Centro

Por outra banda, a información do funcionamento da materia é subministrada de forma resumida ao alumnado ao comezo de curso.